

ENTREVISTA A JOSÉ MANUEL RAPOSO LÓPEZ, PROPIETARIO DE FINCA RAPOSO SC

MESÍA (A CORUÑA)



► Como é a súa explotación?

Actualmente conto con 191 vacas en muxidura e un total de 270 cabezas de gando.

► Que cultivos produce?

Semento 17 hectáreas de pradeiras de rai-grás inglés e outras 63 de millo para silo.

► Como realiza as fertilizacións nas pradeiras?

Sempre utilizamos todo o xurro que produce a explotación antes da sementeira e no inverno, ademais disto, ao redor de 40 días antes da previsión do ensilado, aplico unha dose de 250 kg/ha de **NERGETIC DS+**, coa tecnoloxía C-PRO, un fertilizante nitróxeno-nítrico amoniacal totalmente protexido que, ademais, vén complementado con calcio, xofre e boro.

Ao estar protexido por un polímero regulador C-PRO, a planta ten o nitróxeno dispoñible desde o primeiro momento; ademais, esta zona é de moitas choivas e con este produto evitamos o lavado de nitróxeno, así coma dos demais nutrientes. Garanto así que a planta teña nitróxeno durante máis tempo e ter a mellor calidade posible de forraxe. Este ano conseguín unhas producións de 14,5 toneladas de forraxe, cun 30 % de materia seca e un 19 % de proteína.

► E no caso do millo, que fertilizante utiliza?

Para o cultivo do millo, antes de sementar aplico **NERGETIC 24-7-7** a unha dose de 500 kg/ha. Este fertilizante tamén está protexido coa tecnoloxía C-PRO pero, neste caso, o nitróxeno vén de forma ureico-amoniacal, sen nítrico, para que a transformación do nitróxeno a nítrico sexa paulatina e durante todo o ciclo do millo. Con este fertilizante tamén teño protexidos o fósforo e o potasio, para que ningún elemento se lave nin se bloquee. Con este produto vexo que o millo chega moi verde ata a colleita, sen ningún tipo de carencias, e alcanzo moi boas producións. Este ano conseguín unhas calidades do 40,3 % de amidón, cun 37,6 % de materia seca.

► Coñece ou utiliza algún outro produto da gama Fertiberia TECH?

Si. Coñezo **AMICOTE CORBIGRAN**, unha emenda calcaria granulada que leva calcio, magnesio e un 4 % de nitróxeno, ademais dunha tecnoloxía C-VIDA, que axuda a que se mineralice a materia orgánica e se desbloqueen nutrientes, coma o fósforo. Este ano aplicarei o **AMICOTE CORBIGRAN** nas pradeiras antes de fertilizar para mellorar o pH, así a pradeira aproveitará o encalado e terei o pH

corrixido para o millo. Nas parcelas que sementa só millo incorporareino antes da sementeira.

Tamén coñezo o fertilizante foliar **PROFERTIL**, que uso cando teño que dar algún tratamento de herbicida/insecticida en postemerxencia para protexer a planta e que esta se recupere do estrés causado polo herbicida, o frío ou se ten algún insecto que estea a atacar o millo.

► Como coñeceu os produtos Fertiberia TECH?

Coñecinos a través do distribuidor de zona e do delegado técnico comercial de Fertiberia TECH.

► Que valora de Fertiberia TECH?

O bo trato e a proximidade, tanto do distribuidor coma dos técnicos da casa. Valoro tamén moito a calidade dos produtos, as súas tecnoloxías e a boa granulación. Ademais, gústame que me realicen análíticas de terra, un servizo que uso para ver o estado das miñas parcelas e tamén cando collo algunha nova para formular os fertilizados sucesivos.

► Recomendaría os produtos?

Por suposto. Eu úsoos, recomendoos e estou moi contento cos resultados.

AMICOTE

NERGETIC

PROFERTIL

Delegación da Coruña

Tlf: 636 163 729

Delegación de Lugo

Tlf: 638 199 510

Delegación de Ourense e Pontevedra

Tlf: 627 421 159

INTERGAL ESPAÑOLA, S.A.
Grupo Fertiberia

Torre Espacio,
Paseo de la Castellana, 259 - D. I. 28046 MADRID
Tel: 91 571 88 35 - Fax: 91 571 82 96
e-mail: info@intergal.es

APP: ADP Fertilizantes

App Store

Google play

